

La Vos de Talisia

NÚMERO 52.564 | ANO MMCCXII | PRESIO 0 € | www.lavosdejalisia.es

O talante do goberno de Madrí vese reflexado na vella reivindicación da Real e Ilustre Cofradía da Dorna

O día da Dorna será festivo en toda España o vindeiro 24 de xullo

O día da Dorna será festivo

Finalmente o día da Dorna será festivo en toda España o vindeiro 24 de xullo, e así se recolle no Boletín Oficial do Estado publicado onte. A festi-

dade foi aprobada no consello de ministros do venres pasado e recolle a solisitude feita pola Cofradía da Dorna ante a presidencia do goberno.



A delejación da R.e I. Cofradía da Dorna intentando convenser a SetaPe

ZP nejou nun primeiro momento a posibilidade de ampliar o número de festivos nacionais tal e como lle propoñían os representantes da Cofradía da Dorna, debido a que o número de festivos locais son insuficientes para satisfacer a tódolos colectivos en Ribeira. Nada mais salir dese encontro -ou desencontro, mellor dito- os dorneiros convocaron unha manifestación en Madrí para reclamar o que lles

corresponde por dereito, e anque nun primer momento a manifa convocouse para o pasado día 20 tivéronna que pospoñer para o 21, pois o día xa estaba colleito para outra manifestación de criadores de carneiros sen cornos que reclamaban un fondo especial e desjrasións fiscais que permitiran ser competitivos en Europa ante as importacións de China de carneiros sen cornos mais jordos e mais sabrosos.

O pancartista Rajoy apuntase a todas

A manifestación discurreu polas rúas de Madrí sen insidentes e contou co apoio de distintos colectivos pero sobre todo do Partido Popular e da Conferencia Episcopal que xa quedaba de reenjanche da manifestación do día anterior. Debido a esto aljuns manifestantes precisaron de asistencia médica, sobre todo as monxas e os curas que levan varios meses ó pé do cañón de manifestación

en manifestación. Tamén precisaron asistencia varios altos carjos do PP, entre eles Mariano Rajoy ó que lle fixeron as curas no dedo aproveitando que pasaba por diante dunha clínica. "E que teño unha axenda moi apretada" contestou ás prexuntas deste xornal cando lle prexuntamos porqué non entraba no sentro médico. "E con tanta manifestación non o dou feito" -continuou o lider popular.

Local

A policía infantil incauta 300 KG de "Peta Zetas" en mal estado

Local

A Ijlesia católica de Ribeira pechará as súas portas

Política

ZP entra nunha peña dorneira

Deportes

Ribeira sede da 1ª edición do Mundial de Golf Pista.

Internacional

A coñecida serie C.S.I. jrarará un capitulo da vinderia temporada en Ribeira.

Sociedade

Picher amenaza con dedicarse a la canción.

Sociedade

Torres Colomer confundido con Juan Pardo

Sociedade

Na prasa do consello erjerase outro monolito

LOCAL

De todas formas o goberno municipal quitará un Bando animando á xente a facer caso omiso do festivo.

A Festa da Dorna podería ser considerada a primeira festa de España nun futuro

A "Aroutada" sona como posible Patrona de España substituíndo á Pilarica dentro dun estado laico.

Ante a avalancha de xente que secundou o chamamento da Cofradía da Dorna, os orxanizadores querían continuar ata a

porta mesma da Moncloa, pero tiveron que desistir porque se lles pasaba a ves, xa que outra manifestación tiña o turno pedido dende había días. Os doneiros voltaron para a casa satisfeitos da convocatoria, e os populares e os episcopales viraron correndo ó punto de inisio para segunda-la manifestación dos analistas de

corvos floricultores que reclamaban axudas e subvencións para a limpeza dos iniños dos corvos.

Como era de esperar o presidente Zapatero ó día seguinte prometeu recibir ós doneiros que chegaban á reunión ca intención de demandarlle a festividade para o ano 2006; pero atopáronse ca proposta de ZP de que a festi-

vidade tivera continuidade, así que non lle fixeron ascós. "O mais importante é a capacidade de diálogo do goberno", afirmou ZP ante os medios namentras apretaba a mán dos representantes da dorna. Repiteu a frase e o apretón de máns porque a un periodista atascóuselle o carrete e non saíu a foto.

A POLICIA INFANTIL DE RIBEIRA INCAUTA 300 KG DE "PETA ZETAS" EN MAL ESTADO.

A operación policial coordinada polo concelleiro Luciano Fernández foi todo un éxito.

Redacción

Efectivos da policía infantil de Ribeira levaron a cabo o pasado martes unha operación que concluiu coa incautación de cerca de 300kg de "Peta Zetas" nun establecemento situado cerca da igrexa parroquial e rexentado por M. C. S. P. de 42 anos de idade e veciña de Ribeira.

A operación policial; coordinada polo concelleiro encargado da policía infantil, Luciano Fernández, comezou pasadas as 22.00h do martes e tivo como resultado a incautación de 300kg de "Peta Zetas", cantidade cuio precio de mercado rondaría os 1200€

Un hostelero da zona puxo á policía tras da pista

A mercancía, que se distribuíu en bolsiñas de 20 gr. estaba preparada para a súa venta o

próximo domingo, despois da misa das 11.30h.

A investigación comezou trala denuncia dun hostelero da zona afectado polo consumo do mencionado produto. O denunciante declarou que mercou un sobre esa mesma mañá cando recolleu a prensa, pero non comezou a notar os efectos da sustancia ata pasadas unhas horas de consumo. Parece ser que, en contacto coa saliva, a sustancia reacciona de forma corrosiva co esmalte dental.

Sen pistas do paradeiro de M.C.S.P

Ó peche desta edición, o damnificado atopábase no servico de urxencias do Hospital da Barbanza, onde se lle continuaban recollendo mostras na



Minimunicipas apatrullando la ciudad

dentadura para proceder á súa análise.

Según fontes policiais, a mencionada atopábase no interior do establecemento no momento da operación. Pero ante a chegada da brigada infantil emprendeu a fuxida a pé desistando ós efectivos que a per-

seguían, sen que ata o momento se sepa algo do seu paradero. A operación de búsqueda segue aberta e sin tregua "...tiene que volver por aquí...que a las cuatro le llega el viajante de los helados..", declarou o encargado de coordinar a operación Luciano Fernández.

O polideportivo da Fieiteira leva pechado 6 meses.

Os feitos remóntase seis meses atrás, cando se jún parece aljún dos conserxes perdeu a chave e como ninguén atopa outra copia non son capaces de entrar. O Patronato Deportivo Municipal non tiña conosemento desta pequena insidencia aínda que dende entón aplasaronse 148 partidos que se disputan no pabillón.

O goberno municipal está disposto a arranxar nun plaso máximo de 8 meses este desazón, a amplitude do plaso débese a que encarxaron unha nova pechadura a Bélxica cunha tecnoloxía punteira e innovadora no mercado das pechaduras. O pecho en cues-

tión conta con catro dentes, frente ós tres actuais, e os conserxes terán que pasar un curso de adaptación para perfeccionar o xiro da muñeca ca que van a abri-la porta. "Non queremos baixas laborais a causa de problemas nas muñecas ca nova pechadura" afirmou Ruis contundentemente e velando pola saúde do personal.

Prejuntado pola finalización das obras da nova piscina comentou que tamén se acabarán en breve plaso, pero non antes de seis ou sete anos: "Hai que darse conta da magnitude da obra, xa levan dous anos de duro traballo e moitos cartos invertidos e aínda o que lle falta".

Fontes municipais aseguran que non tiñan conosemento desta insidencia

O párroco chegou a pedir permiso ao Vaticano para poder casar a homosexuais e lesbianas para poder aumentar a recadación

A Ijlesia católica de Ribeira pecha as súas portas

Ante o escaso número de usuarios a igrexa cristiana de Ribeira o párroco local, Cesáreo Cadaval, decide pechar hoxe as portas da ijlesia de Ribeira. A falta de fieles e a perda dos valores tradicionais provocou unha crise existencial, agravada pola escaseza de recursos económicos, que fai a de hoxe, a última misa no templo ribeirense.

A crise da ijlesia local xa comezou hai uns anos cando a polisía local tivera que arrestar ao cura párroco cando non foi quen de acreditar ter o "carné de manipulador de alimentos" para dispensar as hostias e o viño sagrado. A esto hai que añadir que a campaña do DOMUN deste ano foi nefasta, pouco máis de 20 euros, 2 bombillas e un vale por 5 euros en viño dulce foi todo o que se conseguiu recaudar para mandar a misiones este ano, algo inédito na milenaria historia da ijlesia.

O párroco lamenta non ter seido o consello dos jipipankis que piden no atrio e saír á rúa co calis e tocar algún instrumento á porta da

panadería de Sinda, para ver incrementada a recadación dominical. Cesario Cadaval afirma que xa non lle quedan máis saídas "si eu intento todo para non ter que pechar, ata incluso pedín permiso ao Vaticano para poder casar a homosexuais e lesbianas".

As perdas acumuladas durante moitos anos e os recortes de orsamento que SP está poñendo á ijlesia, provocou esta situación de bancarrota.

Segundo a cadena COPE de Ribeira, non só se trata dunha cuestión económica, senón tamén hai unha crise de fé. Dende a emisora local lánsanse soflamas contra a cresente comunidade xudía ribeirense. "Temos que parar este avance do sionismo na localidade. Toda esa xuventude que frequenta bares de xudíos, deixanse influenciar polos líderes xudíos. Incluso, se están realizando moitas circunsións

clandestinas, nas trastendas destes locais. O propio alcalde José Luís Torres Colomer acaba de asinar un licenza de obra para construír unha Sinagoga nas Abesadas, que pronto se combertirá nun barrio xudío, el co cristianiño que era!", afirman dende a emisora episcopal.

O propietario do Restaurante Chicolino xa se puxo en contacto co Obispo de Santiago para saber da posibilidade de alugar o templo e abrir unha delejación en Ribeira para celebrar nel banquetes de voda, comunións, etc. "Porque a xente aínda que non pase pola ijlesia vai seguir facendo festa, e é unha pena que se perda esta posibilidade de nejosio. Na sacristía collerían unhas amplas cociñas e o altar mayor quedaría mallado para a mesa presidencial", afirmou o xerente do coñesido restaurante.

Outras fontes din que varios



constructores pretenden facer alí un edificio de vivendas. Sería un proxecto ambicioso a altura da Ribeira do século XXI: sería un edificio jeme-lo ao da Caixa de Aforros. Estes xa teñen o proxecto moi avanzado, incluso hai un compromiso verbal co ayuntamiento para que o escambo que se quite do solar da ijlesia vaia directamente ao monte da siudá para que lojo uns arqueólogos expertos o coloquen ben e que sirva como ruina visitable para turistas. Os constructores, xa se sabe, sempre preocupados polo patrimonio arquitectónico local e o ayuntamiento encantado de que a iniciativa privada colabore coa cultura do pueblo.

Ó cristo do Monumento cheíranlle os sobacos

Os vesiños de "O Monumento" (Riveira) estiveron varios días soportando uns "aromas" aos que non están habituados nin os máis duchos en frajansias do mundo, que non son outros que os habitantes da ribeiríña, na católica Pobra do Caramiñal. E todo, porque ninquén se atreveu a sospeitar dun icono jranítico cristiano de 23 toneladas de peso, que paradóxicamente da nome ao lugar.

O Monumento ó Sajrado Corasón de Xesús foi inajurado no 1965, en tempos do párroco Juan Bautista Boo Romero, quen se encontra enterrado na parte inferior. Emprasadno no medio duns xardíns, componse dunha capela, base da edificación, e dunha torre coroada por unha estatua en pedra dun Cristo de 2,5 metros de altura. Os arredores axardinados completan o conxunto, que malia verse rodeado de vivendas de altura considerable, sije a divisarse dende moitos puntos do núcleo urbán riveirense.

A primeira hipótese que se barallou foi carjarlle o loro a Acuagest, que tivo que revisar palmo a palmo todo o alcantarillado da sona para depurar a súa respon-

sabilidade no feito, non atopando anomalía aljunha - cousa rara -. Unha vez descartada a primeira das sospeitas, as especulaciós non tardaron en sinalar ás industrias ubicadas en Couso, que xunto cos ventos do norte que sopraron eses días, puideron nun efecto sinérxico, transporta-lo cheiro superándoo a costa da mámoa pola vertente de Carreira, chegando ata o matadeiro. Unha afirmación que se apurou a desmentir apresuradamente o alcalde Colomer en persoa, nunhas catejóri-cas declaraciós:

"as fábricas de Couso son empresas serias, e cumpren con tódolos requerimentos europeos no que a xestión de residuos se refire, e poño os collóns no picadeiro por todas elas."

Que o primeiro edil riveirense se xojase os seus atributos tan á lixeira, fixo que todo-los jrupos municipais descartasen esta suposición, incluída Dominga Brión, portavoz nacionalista, e principal valedora desta sejunda teoría, chegando incluso a poñer o seu carjo a dispo-

sición do partido para non ser partí-sipe dunha amputación xenital.

Foi Teobaldo Teixeira, enxeñeiro químico natural de Celanova, Ourense, que traballa no control de calidade da marca Axe, e que pasaba uns días de asueto na capital bar-

O Cristo usará un desodorante roll-on da talla XXXL de 5 litros

bansana, o que dou a voz de alarma e se atreveu a sinalar ó Cristo de pedra como prinsipal responsable do fedor.

"Estou ata o carallo de cheirar axilas, de feito vivo diso, e que este cheiro é de sobaco non mo pode discutir nin Dios".- declarou o perfumista de Axe, visiblemente malhumorado.

Algúns afectados unha vez desfeito o codillo, faláron co noso correspondal do tema:

"A min xa dende o primeiro momento me cheirou a "macho bravo", pero botínlle a culpa ao meu xenro, como ás veces deitase hasta ca roupa de ajuas."

"hasta me murcharon os geráneos que tiña na ventana, fíjate ti a peste que había".

O Axuntamento de Riveira comprometeuse a manter a efigie limpa e aseada, e xa encarjou á

firma catalana Fa, un desodorante roll-on da talla XXXL de 5 litros de capacidade para levar a cabo estas tarefas, aínda que eventualmente a operación farase a rodillo.

A estatua das Amas de Casa e a do Emigrante de Palmeira, serán tamén vixiadas con lupa, co obxectivo de previr posibles catástrofes no futuro. A Serea deforme do Samba librouse da crítica xa que nin sobacos ten.



Unha nube tóxica de orixe sobacal estivo des días pousada sobre o barrio máis alto do casco urbán riveirense

LOCAL**O Axuntamento de Riveira se plantea suspender a aplicación da lei da xavedade no casco urbano do municipio.**

Rumores de última hora amplamente espallados pola localidade sinalan que é moi probable que o goberno municipal propoña nun próximo pleno extraordinario a suspensión da actual Lei da xavedade na capital do Concello, toda vez que téñense detectado graves dificultades para a fluída circulación de

vehículos e o repousado camiñar dos vesiños polas rúas da capital do Barbansa.

A medida tomarase debido ao estado actual de estradas e beirarrúas e en previsión das dificultades previstas para, de manterse a situación actual, poder levar adiante novas iniciativas urbanísticas.

Fontes consultadas indican que sería unha medida innovadora e de fondo calado que permitiría saír a flote do actual caos circulatorio xa que, co sese da aplicación de dita lei, a inxavedez resultante favorecería os desprazamentos tanto de vehículos rodados como de peatóns, ó tempo que dun plumaso se resol-

verían os problemas da flota de baixura na súa necesaria reconversión en flota de altura e faría innecesario abordar grandes obras de infraestrutura tanto portuarias como de chan industrial.

Todo apunta a que, coa adopción desta desición, a suba do nivel de vida na localidade estaría garantizada

Sobre a Lei a derojar

Aínda que moi aplicada e de sobra coñecida non é de mais lembrar que a lei da xavedade foi proposta polo inclés Isaac Newton no século XVII para xustificar a caída das mazás fora de temporada e así librarse do pajo de multas por ajesións a paisanos por parte das árbores froiteiras da súa propiedade ao tempo que non ter que investir en distintas medidas de seguridade para evitar accidentes.

A lei, daquela moi efectiva, hoxe está totalmente fora de lugar xa que os tempos non son os mesmos e a froita é de inverno.

Antecedentes

Xa outros gobernos da localidade aplicaron iniciativas

semellantes noutros ámbitos da acción municipal, así a desición de escribir Riveira con V en vez de con B facendo inaplicable no termo municipal a lei de normalización lingüística ou ao pintar os pasos de sebra en vermello e branco interpretando de modo atlético a normativa de tráfico ao respecto. Todas foron desicións moi ben acollidas pola cidadanía no seu momento, menos por unha desprezable minoría.

À espera de Europa

Debido a que a lei da xavedade é de aplicación universal e se recolle en todo tipo de tratados (especialmente de física), proximamente entrarase en nejosiciacións coas autoridades da Unión Europea para que non lastren a iniciativa e permitan, polas razóns de peso expostas, a vía libre para a suspensión en Riveira da citada lei.


Escóitase polos mentireiros do peirao que o patrón e oficiais da Interprise están a barallar a posibilidade de botarlle o aparello á lei da xavedade e sacala do limpo na vindeira marea debido ás dificultades que a súa aplicación ocasiona ás dornas, planeadoras, racús, buques conxeladores e bañistas para navegar ou nadar ou chupar (dispensando) polos caladoiros tradicionais.

A desición de larjar e alistir farase sejundo dispoña o pesca debido ó lamentable estado no que se atopan as postas e viveiros por causa da sobrepesca, o furtivismo e o uso inmoderado da dinamita, todo o cal pon en pelijro a riqueza natural dos bancos pesqueiros e marisqueiros do noso mar sen espiñas.

Pola telefonía e o gepeese fálase que sería unha boa medida (de máis de oito cuartas e media) que permitiría saír a flote aos afectados polo Prestige lojo de acabárselles a subvención. Tamén

sería boa para a reconversión da xa avellentada flota de dornas a vela por dornas con alas e safaría da morca aos mariscadores da Badadorrío xa que o novo muelle para a Frinsa non sería preciso construílo pois hai seo (no confundir con xeo) dabondo para erjer naves.

Todo apunta a que, executando esta desición, a suba do nivel de vida na localidade estaría garantizada.



Danse por solucionados os problemas os problemas de abastecemento

O Concello xa ten presa

Sejindo as recomendacións da Xunta Hidrográfica do Rio Pedras que recollía nun informe nesecidade que cada axuntamento da comarca tivera a súa propia presa para garantir o abastecemento de auga en períodos de sequía coma o que estamos a sufrir, o Alcalde convocou pleno urxente para debatir e aprobar a consecución dunha presa para Ribeira.

Nada mais remata-lo pleno no que se aprobou con case todos os votos a favor -salvo os da oposición- a nesecidade de ter unha presa en Ribeira, o alcalde dou orden ó jefe da policía local para que prosedera a ejecuta-lo

mandato emanado da soberanía popular. Dous axente uniformados e cas medidas de protesión adecuadas sairon de patrulla e detiveron á primeira muller ca que se crusaron para condusila ós calabosos municipais. Unha vez alí informaron ó alcalde de que o consello de Ribeira xa tiña presa.

De momento aínda non está garantizado o abastecemento do líquido elemento pero a muller estalle a botar vontade cantando día e noite "que llueva, que llueva, la Virgen de la Cueva" popular cansión que os expertos municipais en hidrología consideran infalible para consejir unha boa pluviosidade.

Unha inversión considerable.

O alcalde afirmou que ter unha presa no concello de Ribeira supón un gasto elevado porque a muller nesecita tres comidas ó día e unha cantidade ingente de ajua porque dí que se lle seca a boca de tanta cantarea. "Esperamos obtener resultados en breve", foi a resposta do mandatario local á prejunta de cando iba a chover e comentou que se reforarán os cánticos nos vindeiros días colocándolle á muller unhas plumas nos tobillos, nas muñecas, e no pelo, ademais de fasilitalle unhas maracas xa que os expertos municipais en hidrología estiveran vendo uns documentales de Nasiona Yeografic e salía un fulano que fasía chover cas plumas e cas maracas.

Deportes. Golf Pista

Primeiro foi o fútbol que do campo de herba pasou aos polideportivos, lojo o volei que saleu dos polideportivos para as praias e ajora, jrasias ao sempre dinámico Patronato Municipal de Deportes, podremos contar na nosa localidade cos máis destacados golfistas do mundo na 1ª edición do Mundial de Golf Pista, ACS Cup.

A elección da nosa sidade foi motivada polas inmejorables condicións para a práctica deste deporte dado o innumerable e variado número de hoyos furados ao lonjo do tapís urbán, A pista principal situarase no novo e fermoso poljono das Abesadas e rúas colindantes. Dada a fasilidade para trasar distintos percorridos polo número e variedade de buratos, os "road greens" serán desididos por unha comisión de expertos encabesada por Lisardo Odapala.

4500 EUROS. Foi o precio que fixou a Comunidade de Madrid para venderlle a Estatua Ecuestre do Xeneral Franco

NOSTALXICOS DEFRANCO MERCAN A ESTATUA RETIRADA EN MADRID.

O lugar no que se vai colocar a estatua, esta todavía por sinalar, dado que ten que haber un acordo plenario que refrende a petición destes cidadans Ribeirenses.

Ningun político local quixo opinar sobor do tema, as preguntas deste corresponsal. A edila do IPR, **Rosa García Pose**, contestou: "*Son las cuatro y diez. Gracias*".

Pola sua banda, **Manuel Ruiz**, en clave de humor británico puro, (flema), sonreiu e dixo: "*non, eu creo que non ides ter ningún problema si ides esta noite aos chopos, eu, pola fasquia, noto que ides ter bo tempo*".

O Vice portavoz do PSOE, **Sr. Piñeiro**, ante a mesma pregunta, soltou: "*Si, la Cuaderna Vía son estrofas de cuatro versos alejandri-*

nos aconsonantados (AAAA), utilizado principalmente por los poetas cultos del Mester de Clerecía en los siglos XIII y XIV. También se puede llamar Tetrástrofo Monorrímo.

Dominga Brión, portavoz frentista, do BNG, solo preguntou, quen pagaba os portes do traslado da estatua a Ribeira, e que en caso de que fose o Concello, que ela votaria un NON moi grande, non estaba disposta a eses dislates propios doutras epocas.



Última hora:

Touriño desdoblará a vía rápida

Nun feito sen precedentes e que amosa a jran estima que o presidente da Xunta lle ten á bisbarra prometeu o famoso desdoblamento da vía rápida e quedará convertida nunha "autovía lenta". O desdoblamento é unha obra de enxeñaría que supera tódolos marcos de deseño conosidos ata agora e o presidente tomou mostra e inspiración dun feito que susedeu na súa casa a noite pasada. "Estaba vendo á miña muller baixarlle o dobladillo dos pantalóns ó neno (que medrou dous centímetros nos últimos meses) e dinme conta que esa era unha boa solución para a vía rápida do barbanza" -afirmou o inquilino de San Caetano-. Unha ves chejou ó despacho reuníuse co Conselleiro de Obras Mortas e transmitulle a súa idea que se verá culminada nos vindeiros meses.

A primeira das medidas a

poñer en marcha sera a de borrar toda a pintura branca que o anterior goberno puxo no chan para eliminar metros de asfalto e reducir carriles. Lojo rellenarase as cunetas con jra-villa e con aljo de

piche, e sinalírase ese carril coma de vehículos lentos, porque para ir despasio non lle fai falta bo firme. E para rematar cambiaranse os carteis fosforitos que se puxeron e no que se indican o número de mortos para sustituílos por uns dixitais que se actualisan cada dous segundos e recollerán ademais do número de mortos, o número de feridos, e os hospitais nos que están injresados. "Supoñemos que o tráfico se incrementará considerablemente, sobre todo de familiares visitando ós feridos no hospital

clínico" declarou o Conselleiro de Obras Mortas a este xornal.

ZP entra nunha peña dorneira

Con sorpresa e estupefacción resibiron os integrantes dunha peña dorneira a chamada do presidente do goberno reclamándolle unha camiseta, pañoleta, e o injreso oficial na peña.

O patrón da peña declarou a este medio que "cando me dixo que era ZP pensei que era un fumado jastando unha broma" aínda que lojo doulle mais datos que confirmaran a identidade do comunicante.


A peña que contará ca presenza de tan ilustre peñeiro é A Miseria

dos Tallantes, jrupo co que o presidente declarou "sentirse moi identificado"

aínda que Jarpo o patrón da peña cree que "o home non o ten moi claro" porque en todo momento refireuse á peña como "La miseria del talante" -nunha mala tradución do nome orixinal- e citaba aljo entredentes de que estaba quedando o país na "miseria" e que consideraba "ampliamente democrático" ir solisitando o injreso nunha peña que tivera a ben poñerlle coma nome o "talante".

A estas alturas desconosemos si a peña españolizará o seu nome para non defraudar ó ilustre dorneiro porque á hora de pechar a redas-

sión mantiñan un intenso debate no Aloha (sede da peña) sobre este punto e sobre a nesidade de habilitar unha sona de fumadores e non fumadores dentro do local.



Ágape navideño

Como ven sendo habitual uns días antes de noiteboa o ayuntamiento de Ribeira fixo unha pequena festa á que asistiron os empleados munisipais e máis as autoridades locais. O alcalde Torres Colomer fixo un breve discurso de agradezemento e de bos desexos para este ano que comensa. E tal como se fixo o ano pasado, o alcalde ribeirense resibiu un regalo dos traballadores munisipais. O ano pasado regaláronlle un "cortasespes", supoñemos para cortar a herba da fieiteira nos seus días libres, pero este ano os traballadores quixeron ir máis alá e faserlle un regalo realmente útil, trátase dunha "hidrolimpadora". "*Vaime vir moi ben para chorrear as cajadas de javota que ten o monolito*", declarou emocionado Torres Colomer ao ver o presente.

Puebla toma a illa dos ratos

Dous polisías musipales da Puebla están de juardia na illa dos Ratos Imitanto aos xendarmes marroquís, dende a pasada madrugada dous membros da polisía local da Puebla tomaron ao asalto a isla ribeirense dos Ratos, situando no punto máis alto da illa o busto de Valle-Inclán que antes estaba situado no monte da Curota, algo que os Ribeirenses toman como unha ofensa.

Según informantes da Puebla o rexedor local Isaac Masanseiras ordenou esta madrugada a toma da illa. O desembarco produxose jrasias a que un bateiro local ofreceu un barco para transportar aos funcionarios ata a illa situada na praia de Coroso. As razóns desta manobra non están moi claras, hai quen fala de que nas pedras se dá unha especie de persebe moi apresiada na cosíña e incluso non hai quen descarta que no subsuelo da illa se agoche unha importante bolsa de jas natural. Aínda que razón que colle

o busto de Valle-Inclán luce no máis alto da illa

máis corpo é a que afirma que se trata dun xesto de forsa de Isaac Masanseiras que está farto de estar á sombra de Torres Colomer.

O goberno ribeirense quedou descolocado ante a ofensa do "tradicional pueblo amijo de Lapuebla", de momento Torres Colomer xa tomou unha medida preventiva suspendendo a línea de autobuses do Sarasquete que une as dúas siudades.

Uns minutos antes do peche da edición deste xornal soubemos que a lancha da cofra-

día do pósito Ribeirense está nas inmediacións da illa fasendo tarefas de vixilancia. Non se descarta que esta mesma noite Protección Sivil e Bombeiros de Ribeira implementen un operativo que devolva a illa dos Ratos á soberanía ribeirense, "recuperaremos a illa dos Ratos por calquer medio, chegaremos incluso usar os equipos antiinsendios" afirmou o xefe de protección sivil.

Representantes da peña dorneira "Ratos da Illa" afirmaron estar desconsertados xa que para o vindeiro ano non saben se van ser peña da Festa da Dorna ou dos Sanjuergines.

INTERNACIONAL

Catalunya no jugará máis a la lotería nacional española

Reunidos en Vic (Girona) dirigentes de ERC, con Joseph Lluís Carod Rovira al fronte, se ha tomado la determinación de que los catalanes no volverán a jugar mas a la Lotería Nacional de España.

Se creará la D.L.A.E.C. Direcció de Loteries i Apostas del Estado Catalá, que creará su propia Lotería Nacional, su Primitiva y su Bonoloto.

Asimismo habrá una edición especial el Onze de Setembre, con suculentos premios, y cuatro reintegros.

Habrá un periodo de transición con respecto a la Quiniela de Fútbol,

que seguirá siendo la quiniela Española, eso si, mientras el Barça siga humillando al Madrid, en el

momento en que sea al contrario, se abandonará la Quiniela Española al año siguiente, y la quiniela Catalana de Fútbol se configurará con equipos catalanes, Andorranos y Franceses.

El primer año de la DLAEC, solo podrán jugar a todas sus loterías, los ciudadanos nacidos en Cataluña, o en su caso, los que demuestren que llevan viviendo mas de 5 años en Cataluña.

En una disposición adicional, se expresa que los "culés" de todo el territorio nacional Español, que demuestren que lo son, con un test de 40 preguntas, también podrán acceder a los sorteos de la DLAEC.



A partir del 2 de Enero de 2006, Ribeira contará con un restaurante de Comida Japonesa.

Comida internacional en Ribeira

El restaurante Cuní, contará comedor minimalista en tonos claros, se renovará este mes, introduciendo novedades como el soft shell crab (se pueden contar con los dedos de una mano los restaurantes gallegos que sirven este cangrejo). Además ofrece dos interesantes menús de mediodía, al precio de 15 euros. Ambos presentan cinco platos (sopa de miso, ensalada de atún, sushi variado, yakisoba y beef teriyaki es una opción; y sashimi y sushi variados, goyza caliente, tempura de verduras y atún teriyaki, la otra) y, para beber, cerveza japonesa o media botella de vino.

Otras dos opciones alberga el menú degustación, al precio de



24 y 30 euros respectivamente.

Se necesita reserva para el fin de semana. Capacidad para 60 personas.

El restaurante recomienda: El soft shell crab, sukiyaki, lamen (tallarines) crispy (maní rebozado y frito) y sushi.

También disponen de platos japoneses con ascendencia gallega:

Caballa Kawasaki
Caldo a estilo Kioto
Lubina Akimoto

Y otros manjares que los ciudadanos de Ribeira, podrán degustar en unos días.

SERÁ DE NO FUMADORES

Innovadoras propostas para o Porto exterior

Representates municipais do Bloque Nacionalista Jallejo reuníronse onte ca Consellería das Obras Mortas para tratar de revivir o proxecto do porto exterior de Ribeira presentandolle novas propostas, e estas veñen a ser:

a) Construcción do dique entre as illas de Rúa e Jidoiros: concretamente a illa de Pedrejoso; esta é a que ven mais factible pois non afecta ós bancos marisqueiros de Coroso e a Insua e o porto estaría compartido ademais de entre dous concellos -o de Ribeira e o da Illa da Arousa- entre dúas provincias, estreitando os lazos entre as dúas marxes da ría. O principal inconveniente que ten esta iniciativa é que o porto queda un pouco alonxado da capital barbanzana, pero pódese habilitar un servizo de ferrys

que trasladen á xente, porque para a mercansía emplearíanse planeadoras das que en tempos contrabandaban co tabaco; así tamén se lle daría saída a un sector moi perxudicado pola lei que entrará en vigor o vindeiro día un.

b) Construcción do porto exterior na Jarita: tampouco se danaría os bancos marisqueiros e dinamísase unha sona un pouco apajada de Ribeira. Ten o inconveniente de que ata alí arriba non cheja o mar, pero os políticos confían en que instalando unha noria de ajua á altura da Cobasa en Ajiño, e abrindo un canal ata a Jarita os barcos pasarían sen problemas tal e como fan no canal de Panamá. Destacar que os vesíños de Laxes non ven con vos ollos esta proposta porque os motores dos buques quebrarían a súa tranquilidade.

c) Construcción do porto exterior na estratosfera: está é a medida mais innovadora e se jún os nacionalistas a que mais futuro ten, porque en nada comensarán a chejar naves nodrisas carjadas de marisianos ávidos de sol e praia e Ribeira quere ser un refe-

rente turístico nese sector. O proxecto este é o que contenta ós vesíños e mariscadores, xa que non presaría de expropiacións e non afectaría os bancos marisqueiros; sin embarco os socios de goberno dos nacionalistas, os socialistas, non ven con vos ollos esta construcción porque alteraría a paisaxe nocturna..

O alcalde de Ribeira lonxe de manifestarse contento porque se lle vai dar saída a un proxecto no que puxo moito empeño, asemellou estar cabreado porque voltaron a reunirse cun consellei-



Maqueta do porto exterior, inspirada en Star Trek

ro sen pedirlle permiso, dispoñendo do territorio e espasio aéreo de Ribeira sen consultarlo antes.

O Conselleiro de Obras Mortas o Sr. Idevosj Oderosq Uenonmevotaste, tamén aludeu ó proxecto de ampliación da vía rápida afirmando que mellor que faser unha nova autovía iba a faser un puente aéreo Ribeira- Padrón que enlarsa directamente ca autopista do Atlántico, así evítanse conflitos medioambientais. Este home sempre pensa en todo nos seus proxectos.

A Coñecida serie C.S.I jvarará un capítulo da vindeira temporada na nosa sidade

Jrasias á información proporcionada por Anjels Barseló a productora da serie CSI lojo de ter visitado a nosa vila durante o desastre do Pretije, Long John ,executivo da SBS, estivo na nosa localidade para mirar a posibilidade de jvarar un dos episodios da serie en Riveira. Casualmente a súa visita coinsideu ca tempada de misteriosos verquidos de distintas cores na dársena

portuaria o cal foi valorado moi positivamente por Long.

Mister John tamén mostrou a súa admiración polos bloques situados no asfalto á altura dunha coñesida moblería na Rosalía de Castro e polo non menos misterioso debuxo en X dos espazos de aparcadoiro na Avenida do Malecón. Todo elo convida a pensar que pode haber un C.S.I. Riveria.

Diante tal acumulación de misterios sen resolver Long John declarou nun jallejo propio de Nuark "¡ Esta siry é de película !" deixando entrever a posibilidade de que o proxecto de episodio se transforme nunha lonjametraxe que probablemente competiría ca do Código Da Vinci en éxito de taquilla.

Ó tempo unha coñesida firma da localidade mostrou interese en patrosinar o proxecto debido á súa intención de introducir os seus produtos no mercado norteamericano

e publicitarse noutas canles televisivas máis alá da Salnés.

Todo indica que as nejosiasións entre alcaldía e productora van vento en popa ao contar tamén co apoio do presidente do sentro jallejo en Nova Iorque, a Asosiasión de Herdeiros Fundadores da Son Palm Society e o secretario xeral da Asosiasión para a Defensa dos Axeitos de Texas.



José Vicente Domínguez, asegurou que Juan Pardo ya se hizo pasar por Torres en más de un pleno de esta legislatura.

Torres Colomer confundido con Juan Pardo en una cena de Unicef celebrada en Vigo

El lujoso Hotel Bahía emplazado en la céntrica Av. Canovas del Castillo, de la ciudad olívica acogió el pasado miércoles la tradicional cena benéfica que Unicef celebra todos los años por estas fechas, a la que acudieron personalidades de todos los estamentos sociales. Políticos de todas las afiliaciones, escritores, cantantes y otros personajes de la farándula galaica se dieron cita sobre la alfombra roja desplegada en pleno centro de Vigo. El motivo del ágape no era otro que recaudar fondos para los más necesitados, este año el dinero recolectado estaba destinado a la construcción de un hospital y un orfanato al sur de Burundi (Africa Oriental).

Todo iba sobre ruedas, hasta que el jefe de protocolo del acto, - según las malas lenguas, con más de dos "chafarís" encima -, confundió a D. José Luis Torres Colomer, Excmo. Alcalde de Riveira y ex-presidente de la Diputación de A Coruña, con el popular ex-componente de Los Brincos, de padres gallegos aunque nacido en Palma de Mallorca, Juan Pardo. El error llevó consigo que el político barbanzano fuese ubicado

en la mesa junto a Ana Kiro, los componentes de "ARoda", Xil Ríos y los hermanos Montse y Luis Queimada, algo que a Torres ya le resultó extraño, según le confesó a nuestro corresponsal una vez terminado el acto; "a min xa me extrañou un pouco que me puxeran con esa xente, pero o protocolo ás veces non hai quén o entenda, eu nestes temas sempre me deixo jiar".

Parece ser que no fue el responsable de protocolo del acto, el único traicionado por el gran parecido físico entre las dos personalidades, pues varias señoras se acercaron al primer edil riveirense al concluir la cena para pedirle fotografías y autógrafos, e incluso le rogaron que les cantase un trocico de la mítica, "Por un sorbito de champán", ante la incredulidad de Colomer.



Torres antes dunha actuación e Juan Pardo no salón de plenos de Riveira

Enseñar la teoría del Diseño Inteligente es anticonstitucional

En la peculiar batalla que enfrenta a Charles Darwin contra el mismísimo Dios, en San Martín de Oleiros (Ribeira), el científico-bri todo gracias a la jueza Carmen Andrade, del Juzgado Nº2 de Ribeira, que ha sentenciado que enseñar la teoría del Diseño Inteligente en San Martín de Oleiros (Ribeira) viola la prohibición constitucional de impartir clases de religión en los colegios públicos.

La batalla judicial comenzó en octubre de 2004, cuando la Junta Escolar del Concello de Ribeira aprobó la incorporación en los cursos de biología de las escuelas públicas el concepto de Diseño Inteligente, que postula que las formas de vida en la Tierra son de tal complejidad que deben ser resultado de una inteligencia, a la cual no se nombra pero que casi todos dan por entendida.

Fue entonces cuando los padres de 11 chavales, todos ellos en el Colexio da Milagrosa (También conocido, como las Monjas de Oleiros), decidieron acudir a los tribunales y querellarse con el argumento de que el Diseño Inteligente es "sólo una

fachada de la creencia en un Dios creador", y que su enseñanza viola la separación entre credo y Estado establecida en la Constitución española, que proclama el país como aconfesional, y laico.

En su dictamen, de 139 páginas, la jueza Carmen Andrade, asegura que los proponentes de la teoría del Diseño Inteligente "sólo han tratado de disfrazar bajo una supuesta teoría científica sus creencias religiosas de que Dios creó la vida".

Durante seis semanas, el tribunal escuchó a diversos testigos de ambas partes, pero la jueza ha decidido que, puestos a determinar si el Diseño Inteligente es ciencia o no, la respuesta es que no. "Hemos llegado a la conclusión de que no lo es, y además que el Diseño Inteligente no puede desacoplarse de sus antecedentes creacionistas y, por lo tanto, religiosos", asegura la jueza en la sentencia.

El Colegio de las Esclavas del Corazón de Jesús, de la parroquia marinera de Castiñeiras, también en Ribeira, se ha solidarizado con su homóloga de San Martín de Oleiros y ha decidido empezar una huelga.

Na prasa do consello erjerase outro monolito

Dise nos mentireiros do peirao que a Real e Ilustre Cofradía da Dorna vai orjanisar unha homenaxe a "Traspapelado" curioso personaxe que aparece e desaparece polas oficinas municipais fasendo que instancias, denuncias ou solisitudes vaian a paradeiro descoñecido do modo máis inoportuno.

"Traspapelado" é, para o afamado antropólogo Mikel Odohotel, un trasno cunha clara tendencia conservadora das mellores tradicións da Galiza rural trasladadas ao contexto urbán.

A última do jarjallán foi impedir que o pleno do Concello, co Alcalde ao fronte, se pronunciasse por unanimidade a favor do recoñecemento do día da Dorna como festivo local ao faser que a instancia solisitando tal declaración acabara en paradeiro descoñecido no tramo que vai do rexistro á secretaria do alcalde.

¿Onde estarán Os Arquivos do Trasno?

Dado o apejo de "Traspapelado" a oficinas e dependencias municipais parece que a homenaxe concretarase no erjemento dun monolito na Prasa do Consello xusto ao lado do monolito das "asociacións do monolito" polo que se están a recabar adesiões dun número ijual ou superior ao do monolito xa chantado, polo de pronto xa se teñen sumado á iniciativa aquelas asociacións directamente subvencionadas pola entidade promotora como o C.F. Sálvora, a Escola de Gaitas da R.e.I. Cofradía da Dorna, a Escola de Vela da R. E I. Cofradía da Dorna,e afíns.



Retrato Robot de "Traspapelado"

Picher amenaza con dedicarse a la canción si el gobierno sigue adelante con la ley antitabaco.

El conocido estancero riveirense, Manolo Picher, amenazó con boicotear fiestas, saraos y romerías de toda Galicia, si el gobierno español sigue adelante con la polémica Ley Antitabaco.

El empresario barbanzano, tuvo un encuentro el pasado viernes con el presidente de la Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, al que le manifestó sus serias intenciones de dedicarse a la canción ligera, si éste no logra persuadir a Rodríguez Zapatero para retrasar hasta el 2018, - fecha de su jubilación - la puesta en marcha de la controvertida ley.

Picher, que no se anduvo con chiquitas en la entrevista con el máximo mandatario gallego, mantuvo las formas en los primeros momentos de la reunión, aunque transcurrido el tiempo y presintiendo que la negociación no llegaría a buen puerto comenzó a alterarse y a elevar el tono de voz,



PICHER MORRIS & The Chesterfields

por lo que fue invitado por los escoltas de Pérez Touriño a abandonar el despacho de la presidencia. Un reportero de este periódico logró grabar las últimas frases que el vendedor de cigarrillos profirió contra el dirigente socialista mientras era literalmente arrastrado por los servicios de seguridad. Aquí le transcribimos un extracto sus palabras:

"Touriño, a min non me andes a marear a perdís, que eu non levo cetro a caballo. Si vós me acabades co nejoso, eu teño que buscarme a vida, llou" ... "Así que idevos preparando porque vou a ir por toda Galicia a des-trajarle os tímpanos a quén se me poña por diante, looo", - le espetó el riveirense -, "xa falín con Juan Mosquera para os teclados, e estou nejosiando con Moncho o Casulo para que me fuja coros"- y finalizó advirtiéndolo - "PK2 ao lado nosa van a ser jloria bendita".

Ribeira contará con máis zonas verdes

O Concello de Ribeira ten o firme propósito de humanisala sidade e enchela de zonas verdes. Así tódalas concellalías están a traballar arreo para levar a cabo tal finalidade, aínda que a que mais xodido o ten é a de urbanismo. Esta desición ven acordada debido ó malestar que causou na casa consistorial o recoñecemento e forma de "Motoserra Dourada" que recibeu o primer edil ribeirense con motivo do día do árbol e que da testimonio que a labor de ajardina-la sidade é mais que nula: patética.

O consellal de urbanismo xa puxo en marcha un plan de choque que consiste En aproveitar tódolos buratos existentes en aseras, carreteras e plasas para tapalos con terra en lugar do tradicional piche. "Confío en que nunhas semanas empese a naser herbiña en cada burato, e co tempo incluso podemos ver medrar aljunha xesta". Pode causar algúns inconvenientes ó tráfico rodado, sobre todo pola situación actual dos

buratos pero suponse que é aljo que tódolos vesiños estamos dispostos a sufrir.

Saleulle ó paso o consellal de tráfico con outra inisiativa innovadora: pintará os pasos de sebra de verde e branco, en lugar de rojo e blanco.

Tamén se pintarán as sonas de carja e descarja e os vados dos jarares, así ninquén poderá disir que en Ribeira non hai sonas verdes.

Lusiano Fernandes afirmou que na parte que lle toca substituirá o "Día de la Flor" polo "Día de la Hierba", e así en ves de lansar papeluchos - que poñen todo perdido- lanzarán os recortes do sésped da Fieiteira que xa non sabían o que faser con él.

Namentres Virucha, consejala de parques y jardines, está feita un manoxo de nervios e non para de solisitar a ampliación da plantilla da polisía munisipal e de profesión sivil para que custodien debidamente o patrimonio ecolóxico de Ribeira.

a punta do muelle, e ata baixan con eles pola costa da mamoa. Eso polo día, porque pola noite dedícanse a ir de cantarea de bar en bar; cando non se suben a un escenario a faser unha titiritada acompañada dunhas películas que xamais janaían un bo premio; ou cando lles da por poñerse a bailar ó son das jaitas.

Está claro que a xuventude perdeu o norte, cambian unha boa enchenta a base de xoubas e persebes por estar cos colejas masando os osos día tras día, ajuantándose de pé case sen durmir e renunsiando á tan saludable siesta. E sin embarjo dín que é unha das festas mais antijuas da zona, sinseramente non entendo coma sin dar nada de comer pode durar tanto unha festa.

José Antonio Venterquemada Mariño.

Jimenez Losantos ficha por Onda Cero

O popular periodista despedido da COPE por pasarse co boliviano

Así anunciaba Davis Bello que a partir do vindeiro luns compartirá micro co que ata agora era a competencia. Pese a levar varios anos desempeñando a carreira periodística, informando verasmente da realidade, ó pé de cada manifestación, apoiando cada jueja, e entonando o Ave Maria cada mañá dende a radio dos obispos, estes non lle perdonaron a metedura de pata con Evo Morales e plantáronno na calle.

Prejuntado o periodista, escritor e latijaso da esquerda española sobre os motivos que o levaron ós obispos a larjalo do programa no que se sentía tan cómodo contrastando opinións cos tertulianos, afirmou: "Es que los obispos han perdido el norte. La única voz independiente de las ondas españolas, la única que ofrecía información veraz, la única que hablaba de los escándalos y abusos de los socialistas, comunistas, nacionalistas, terroristas, y todos los 'istas' que andan sueltos por ahí, y me plantan en la calle. Creo que los obispos están siendo más papistas que el papa, y como ahora forman parte de los 'istas' también serán objetivo de mi látigo verbal".

Deste xeito os micros de Onda Cero de Ribeira contarán co "azote" dos políticos e todos aqueles que non pensen coma él. Pola parte que lle toca a emisora local xa está preparando un pequeno tatami e acolchando as

paredes para aquelas citas nas que coincidan en antena o periodista e o representante do Cruceiro de Bandaurrio. Este último en previsión do que pode acontecer xa ten redactadas varias denuncias por



Jimenez Losantos pletórico de alejría ó ver o contrato de Onda Sero

lesións, difamación, e intento de asesinato e xa sólo lle falta poñer a data e a sinatura.

Descontento na COPE

Os obispos desde que conoseron a notisia non deixan de resar avemarias para ver si a interesión divina fai recapasitar a Jimenez Losantos, xa que eran dos poucos que se libraban da súa mala léngua e sejún parece agora son 'objetivo número uno'. Un dos obispos afirmaba a este medio que: "la congolja nos tiene la garganta aprisionada -versión eclesiástica da popular 'temos os collóns de corbata'- porque en cualquier momento nos llama Benedicto pidiendonos que repartamos condones en la misa, y resulta que puede ser Jimenez Losantos gastándonos una bromita".

Pola parte que lle toca, Davis Bello afirmou que lle justa dar cabida a todo tipo de opinións; aínda que a aposta de Jimenez Losantos é arriesjada de carallo.

Cartas ao Director

De festa en festa.

Unha mañán de verán levanto da poltra e leo no xornal que dan de comer jratis en Ajiño. Persebes, nin máis nin menos. Así que xa non espero nin dous minutos e tiro cajando taletes para Ajiño. A jolpes entre a xente e con máis dun codaso nas costas consíjome faser un jueco serca de donde se reparten, e alí abrocho persebe tras persebe ata que se me rucharon os dedos de tanto tirar. Qué festa máis ben orjanisada, persebes para todos a sobrar. Esto hai que repetilo.

A persoa á que lle larjei o erupto na añaica reconóseme (normal, que para eso adiquei catro anos da miña vida a jiar o seu destino) e saúdame e ponme sobre a pista da festa da xouba de Rianxo. ¡A quién se lle ocorre?! Poñer no mesmo día duas loubadas. Pero non era cuestión de deixar pasar a oportunidade, así que de volta para o coche, aselerador ó fondo e tira para Rianxo que enfria a empanada. ¡Qué boa estaba!. Repetía un pouco ó día sijiente pero valeu a pena, cas xoubas xa se sabe.

De volta en Ribeira atópome que están montando unha festa anárquica, sen sentido, na que a xente vai dun sitio para outro cuns aparellos que unhas veses os fan flotar, outras tírannos ó mar dende

Os 8 erros



Pasatemplos

Breves

IPdeR está na oposición.

Sejún un comunicado da axensia EFE o partido político de independentes de Ribeira (IPdeR) celebrou unha roda de prensa para dar conta ós medios e ós veciños que son un partido da oposición ó jobierno munisipal, e por tanto ó Partido Popular. Con un rotundo "aínda que non o pareza, somos oposición" a lider de IPdeR, Rosa

García, quixo deixar claro que non sempre ven con bos ollos todo o que fai o alcalde e o jrupo popular

Avistamentos na pedra da Rá.

Varios testijos afirmaron ver unha nave espacial sobrevoando a pedra da rá, o que ven a confirmar a creensia popular de que no monte da cidá hai unha porta espacial pola que entran alienígenas e sospéitase que a pedrá pudiera ser a torre de control.

Breves de última hora

IPdeR sije na oposición.

Noutra rolda de prensa IPdeR reafirmou ante os cidadáns que son un partido da oposición no concello de Ribeira, e volveron a puntualisar con mais aíncio: "Aínda que non o pareza". De feito están a plantexarse utilizar esta frase para a vindeira campaña electoral ás elesións munisipais.